

CAMPIONATO GALEGO DE NATACIÓN INFANTIL

Tempada 2007 - 2008- Circular 07-20

1.- Organización, datas e sedes

1.1.- O Campionato Galego Infantil de Inverno celebrarase os días 23 e 24 de febreiro en Pontevedra no Complexo deportivo Rías do Sur.

1.2.- O Campionato Galego Infantil de Verán celebrarase os días 5 e 6 xullo en Santiago na piscina de Santa Isabel.

1.3.- O Campionato Galego Infantil celebrarase a nivel rexional en dúas xornadas cunha sesión de mañá e outra de tarde cada unha delas.

1.4.- A hora de inicio para a primeira xornada será de 11:00 h. para a sesión da mañá e de 17:30 para a da tarde. A segunda xornada comezará ás 10:00 e ás 17:00 h. respectivamente.

1.5.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos unha hora e media antes do inicio de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como o día previo ao Campionato en horario de tarde e previa solicitude dos Clubs interesados ao Club organizador. Os nadadores teñen dereito a realizar o quecemento ata 10 minutos antes de que comece a sesión.

2.- Programa de probas

<p>1ª XORNADA - 1ª SESIÓN (11.00 HORAS)</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. 100 ESTILOS MASCULINO 2. 100 ESTILOS FEMININO 3. 1500 LIBRE MASCULINO 4. 400 LIBRES FEMININO 5. 100 COSTAS MASCULINO 6. 100 COSTAS FEMININO 7. 100 BRAZA MASCULINO 8. 100 BRAZA FEMININO 	<p>1ª XORNADA - 2ª SESIÓN (17.30 HORAS)</p> <ol style="list-style-type: none"> 9. 200 ESTILOS MASCULINO 10. 200 ESTILOS FEMININO 11. 50 LIBRE MASCULINO 12. 50 LIBRE FEMENINO 13. 200 BOLBORETA MASCULINO 14. 200 BOLBORETA FEMININO 15. 200 COSTAS MASCULINO 16. 200 COSTAS FEMININO 17. 4 X 200 LIBRE MASCULINO 18. 4 X 200 LIBRE FEMININO
<p>2ª XORNADA - 1ª SESIÓN (10.00 HORAS)</p> <ol style="list-style-type: none"> 19. 400 LIBRES MASCULINO 20. 800 LIBRES FEMININO 21. 200 BRAZA MASCULINO 22. 200 BRAZA FEMININO 23. 100 LIBRES MASCULINO 24. 100 LIBRES FEMININO 25. 4 X 100 LIBRE MASCULINO 26. 4 X 100 LIBRE FEMININO 	<p>2ª XORNADA - 2ª SESIÓN (17.00 HORAS)</p> <ol style="list-style-type: none"> 27. 400 ESTILOS MASCULINO 28. 400 ESTILOS FEMININO 29. 100 BOLBORETA MASCULINO 30. 100 BOLBORETA FEMININO 31. 200 LIBRES MASCULINO 32. 200 LIBRE FEMININO 33. 4 X 100 ESTILOS MASCULINO 34. 4 X 100 ESTILOS FEMININO

(As probas nº 1 e nº 2 unicamente se levarán a cabo se a piscina onde se nada a competición é de 25 metros. Se esta fose de 50 metros non se nadarán estas probas, manténdose a numeración do resto de probas.)

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculino: nacidos grupo de idade (1992-1993) e ano 1994

Feminino: nacidas 1994-1995

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas neste regulamento e que acrediten ter realizadas as marcas mínimas que se indican na presente normativa.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo en tres probas individuais e en todos os relevos.

3.4.- Non existe limitación en canto ao número de nadadores por Club e proba.

3.5.- Cada Club poderá inscribir un só equipo de relevos por proba e categoría sempre que teña acreditada a marca mínima, ben por suma de tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou realizada nun relevo con nadadores comprendidos nas categorías de referencia.

3.6.- Un nadador que non participe nunha proba para a que estea inscrito non poderá participar en ningunha outra na mesma sesión, agás se fose dado de baixa, segundo as normas do Art. 9 do libro IV do Regulamento Xeral da FEDGAN.

4.- Inscripcións

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato pdf (preferible) ou word. Remitirase tamén o impreso correspondente cos datos dos nadadores que participen unicamente en relevos.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEDGAN antes das 20:00 horas do día 13 de febreiro (mércores) de 2008, para o Campionato de Inverno e antes das 20:00 horas do día 25 de xuño (mércores) de 2008 para o Campionato de Verán, sendo responsabilidade do Club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida.

5.- Fórmula de competición

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Para os efectos de puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por club en cada proba individual, con independencia dos que participasen.

5.3.- Só poderán puntuar os nadadores e equipos de relevos que referendasen a marca mínima de participación, en sistema de cronometraxe electrónica.

5.4.- A puntuación nas probas individuais será:

Grupos de idade, Masculino 92/93 e feminino 94/95: 19,16,14,13,12,11,10,9,8,7,6,5,4,3,2,1. Masculino 1994: 19,16,14,13,12,11,10,9,8,7,6,5,4,3,2,1. No suposto do club que teña clasificados máis de dous nadadores na mesma proba só puntuarán os dous primeiros que referendasen a marca mínima en sistema de cronometraxe electrónica. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose a súa puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo club.

5.5.- A puntuación nas probas de relevos será 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4 e 2.

6.- Clasificacións

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais mais os relevos.

b) Total feminina en probas individuais mais os relevos.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas.

7.- Títulos e premios

7.1.- Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados en cada proba e idade masculina e feminina.

7.2.- Trofeos aos Clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas na presente normativa.

8.- Marcas mínimas

8.1.- Segundo Circular FEGAN. Marcas de participación en piscina de 25 metros con cronometraxe manual

MASCULINO			Conv	Proba	Conv	FEMININO	
Ano 94	Ano 93	Ano 92				Ano 94	Ano 95
0,30,30	0,29,30	0,28,80	0.7	50 Libres	0.4	0,32,30	0,32,90
1,07,70	1,04,20	1,01,70	1.6	100 Libres	1.0	1,09,70	1,13,70
2,26,20	2,20,00	2,16,00	3.4	200 Libres	2.4	2,31,70	2,38,50
5,16,00	4,55,20	4,47,20	7.2	400 Libres	5.2	5,14,00	5,35,00
			15.7	800 Libres	11.9	10,50,60	11,25,00
20,41,50	19,25,20	18,56,20	29.5	1500 Libres	22.3		
			0.3	50 Bolboreta	0.3		
1,22,00	1,15,20	1,10,50	1.3	100 Bolboreta	0.8	1,23,00	1,27,00
3,04,00	2,47,50	2,41,50	3.1	200 Bolboreta	2.4	3,06,00	3,15,00
			1.1	50 Costas	1.0		
1,19,00	1,15,20	1,11,20	2.5	100 Costas	2.2	1,20,00	1,24,50
2,49,70	2,42,00	2,37,50	5.7	200 Costas	5.7	2,52,50	2,58,50
			0.8	50 Braza	0.6		
1,26,70	1,21,70	1,18,70	2.3	100 Braza	2.0	1,28,00	1,32,50
3,08,00	2,58,90	2,50,50	6.0	200 Braza	4.5	3,10,00	3,17,00
1,19,00	1,14,20	1,12,00	---	100 Estilos	---	1,20,50	1,23,00
2,51,00	2,43,20	2,36,70	4.9	200 Estilos	3.1	2,53,50	3,00,00
6,03,50	5,41,00	5,32,00	10.0	400 Estilos	7.5	6,07,50	6,25,50
			2.8	4 x 50 Lib	1.6		
	4,48,00		6.4	4 x 100 Lib	4.0		4,56,00
	10,24,00		13.6	4 x 200 Lib	9.6		10,42,00
			2.9	4 x 50 Est	2.3		
	5,30,00		7.7	4 x 100 Est	6.0		5,42,50

8.2.- Os tempos deberán ter sido acreditados a partir do 15 de xuño de 2007 para o campionato de inverno e do 1 de setembro de 2007 para o campionato de verán.

A Coruña, 20 de xullo de 2007

Secretaría Xeral FEGAN